



**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS**

SECCIÓN 07

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

Actualmente, e de acordo co previsto no artigo 2 do Decreto 316/2009, do 4 de xuño, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas contará coa seguinte estrutura orgánica:

1. O/A Conselleiro/a.
2. A Secretaría Xeral.
3. A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
4. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
5. A Dirección Xeral de Infraestruturas.
6. A Dirección Xeral de Mobilidade.
7. A Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe.

De acordo ao artigo 3, quedan adscritos á consellería:

1. O organismo autónomo Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU).
2. O organismo autónomo Augas de Galicia.
3. O organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).
4. O ente público Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).
5. A sociedade pública Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA).

Así mesmo os seguintes órganos colexiados:

1. O Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
2. A Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.
3. A Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica.
4. O Consello Galego de Transportes.
5. O Xurado de Expropiación de Galicia.

I.2. COMPETENCIAS

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é o órgano de administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de medio ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, vivenda e solo, infraestruturas e mobilidade, consonte o establecido no EAG, nos termos sinalados na Constitución Española, e que exercerá, no nivel de desenvolvemento que se indica no seu decreto de estrutura orgánica, para cada un dos órganos integrantes deste departamento.

A acción política da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas guíase pola idea fundamental de que o territorio é o principal activo de que dispón a nosa sociedade. Un activo que ten algo máis que un valor económico de uso, que non é só un recurso de explo-

tación económica, senón que é o contorno no que os seres humanos desenvolven a súa vida, xerando, polo tanto, con el, unha relación de identidade, unha relación emocional que nos obriga a protexelo, a ordenar con mimo o seu uso e a transferilo, se é posible, en mellores condicións das que nós o temos herdado.

A política territorial para Galicia abordará de xeito global o desenvolvemento dun territorio ordenado, buscando fortalecer 3 tipos de relacións: a necesaria interrelación entre as cidades, a vinculación entre o medio rural, o ámbito periurbano e o mundo urbano, e a coordinación entre as administracións municipais, supramunicipais e autonómica. Deste xeito poderemos planificar e ordenar con criterios de sostibilidade ambiental, económica e social os usos do territorio e os investimentos en infraestruturas.

Para que o sistema territorial cumpra a súa función é preciso que as infraestruturas e o transporte artellen axeitadamente o territorio unindo o sistema de cidades, permitindo as comunicacións dentro das áreas metropolitanas e das rexións urbanas, conformando eixes de comunicación entre as grandes cidades e as cidades intermedias e facilitando o acceso ao medio non urbano. Todo iso, para que as cidades desenvolvan a súa potencialidade para espallar a innovación polo territorio, contribuíndo a xerar actividade económica e mellorando a calidade de vida.

No que respecta á materia de medio ambiente, continuarase coa orientación ambiental baseada na introdución de melloras na xestión, programación e planificación, para o que se van seguir empregando métodos de traballo dinámicos que comporten unha maior implicación social, empresarial e institucional.

1.2.1. DA CONSELLERÍA

A Secretaría Xeral da consellería exercerá as funcións e competencias establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a consellería, así como aquelas previstas na normativa aplicable ou mesmo as que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da consellería, de acordo a Orde do 9 de xullo de 2009 sobre delegación de competencias no secretario xeral e noutros órganos da consellería.

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo exercerá as funcións inherentes á dirección, planificación, impulso, xestión e coordinación das competencias en materia de urbanismo e ordenación do territorio, así como os informes na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre e no solo rústico, que ten atribuídas a consellería.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, considerando a evidencia de que o medio ambiente resulta un elemento fundamental para o desenvolvemento económico e social da nosa comunidade autónoma, exercerá as súas actuacións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o medio ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección de dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans

e programas no ambiente, o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico e a súa posta en marcha, para o logro da axeitada protección ambiental, buscando que o mencionado desenvolvemento económico e social avance na senda da sostibilidade.

A Dirección Xeral de Infraestruturas é o órgano responsable de impulsar, xestionar e coordinar as políticas atribuídas á consellería nos ámbitos da planificación, financiamento e construción de estradas e, en particular, exerce as funcións atribuídas pola Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, de regulamentación, proxecto, construción, conservación, financiamento, uso e explotación das estradas con itinerario comprendido integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que non sexan de titularidade do Estado.

A Dirección Xeral de Mobilidade, no ámbito competencial da comunidade autónoma, exerce, entre outras, as seguintes funcións: planificación, coordinación, seguimento e execución da política xeral de transportes; promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade; ordenación do transporte terrestre, por cable e marítimo; planificación e execución das políticas de control e inspección dos diversos modos de transporte; programación e execución de investimentos, obras e instalacións de transportes.

A Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe exerce as funcións, en materia de medio ambiente, de planificación, fomento e participación do concepto de sostibilidade así como a protección e ordenación do paisaxe e territorio de Galicia. Especial incidencia ten o labor no deseño dos catálogos da paisaxe, o desenrolo da lei da paisaxe e de forma concreta a tramitación e seguimento do Plan do Litoral e das Directrices de Ordenación do Territorio.

O Xurado de Expropiación de Galicia foi creado no artigo 232 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, como órgano colexiado permanente da comunidade autónoma especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a administración expropiante sexa a comunidade autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial. A súa composición foi regulada polo artigo 7.2 da Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e o seu funcionamento polo regulamento de organización e funcionamento, aprobado polo Decreto 223/2005, do 16 de xuño, que establece a súa organización e funcionamento.

Os Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias da actual competencia da consellería son os seguintes:

- I. Medio Ambiente e territorio: Real decreto 3564/1983, do 5 de outubro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estudos de ordenación do territorio e medio ambiente. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 53/1984, do 23 de marzo.

Real decreto 971/1984, do 28 de marzo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medio ambiente. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 116/1984, do 29 de xuño.

Real decreto 659/1985, do 17 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral e verquidos ao mar. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 252/1985, do 28 de novembro.

1. Urbanismo: Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, transfere á Xunta todas as competencias atribuídas á Administración do Estado pola lei sobre réxime do solo, ordenación urbana e disposicións regulamentarias, no que afecte ao ámbito territorial da Xunta. Asumidas e asignadas polo Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, as funcións e servizos son traspasadas polo Real decreto 2424/1982, do 24 de xullo, e asumidas e asignadas polo Decreto 130/1982, do 4 de novembro. Tales competencias comprenden todas as relativas ás ordes normativa, organizativa, resolutiva, consultiva e de calquera outro xénero atribuídas á Administración do Estado polas disposicións vixentes nas citadas materias.
2. Estradas: Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, modificado polo 2708/1983, do 21 de setembro, traspasa funcións e servizos do Estado en materia de estradas relativas á titularidade e xestión destas, así como as competencias que a Lei de Estradas de 1974 atribúe ao Ministerio de Obras Públicas en relación coas estradas provinciais e municipais. Competencias asumidas e asignadas a esta consellería polo Decreto da Xunta de Galicia 156/1982, do 15 de decembro.
3. Transporte: Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, transfere competencias en materia de transporte, relativas á concesión, autorización, explotación e inspección dos servizos de transporte por estrada e cable, do establecemento e explotación das estacións de vehículos públicos de viaxeiros e mercadorías, sobre establecemento e organización dos ferrocarrís e tranvías cando non teñan ámbito nacional e non estean integradas en Renfe. O Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, asume e asigna estas competencias á entón Consellería de Ordenación do Territorio.
4. Inspección e sanción dos servizos de transporte: Real decreto 2299/1982, do 24 de xullo, transfere á comunidade autónoma funcións e servizos en materia de inspección e sanción do transporte por estrada e trolebús, afectos ás competencias que lles corresponden, asumidas e asignadas polo Decreto 129/1982, do 4 de novembro.
5. Transporte marítimo: Real decreto 1641/1996, do 5 de xullo, dispón o traspaso de funcións e servizos relativos a actividades de transporte marítimo que se realiza exclusivamente entre portos ou puntos da comunidade, sen conexión con portos doutros ámbitos territoriais. Asumidas e asignadas á Consellería de Política Territorial por Decreto 338/1996, do 13 de setembro.

1.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

A Lei 8/1993, de 23 de xuño, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia, establece en relación ao organismo autónomo Augas de Galicia a súa natureza de organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e dotado de plena autonomía para o cumprimento das funcións que lle marque a lei, coa participación nos seus órganos colexiados dos usuarios.

Correspóndelle ao organismo autónomo Augas de Galicia:

- a) A elaboración, seguimento e revisión dos plans hidrolóxicos.
- b) A administración e control do dominio público hidráulico.
- c) A administración e o control dos aproveitamentos hidráulicos.
- d) O proxecto, construción e explotación de obras hidráulicas.
- e) A autorización das obras e instalacións de vertidos desde terra ás augas do litoral galego e o exercicio das funcións de policía sobre os mesmos.
- f) O exercicio de calquera outra función que lle sexa atribuída polo Consello da Xunta de Galicia.

Seguindo o criterio dos cursos da auga, o territorio galego pódese dividir en dous ámbitos:

- Concas intercomunitarias: aquelas concas hidrográficas que, ademais de discorrer por Galicia, pertencen a outras comunidades. Así, as concas dos ríos Miño, Sil, Eo, Navia e Limia son parte da Conca hidrográfica do Norte, mentres que a conca do río Támega pertence á Conca hidrográfica do Douro.

- Concas intracomunitarias: aquelas concas que se estenden totalmente dentro do territorio da Comunidade Autónoma. Denomínanse xenericamente como Galicia - Costa e comprenden as concas dos ríos que verten ó mar Cantábrico (excepto as concas dos ríos Eo e Navia) e as concas vertentes ó océano Atlántico (coa exclusión do sistema Miño - Sil).

Así pois, atendendo a esta división territorial na Comunidade Autónoma de Galicia, distínguense 4 zonas xestionadas por diferentes organismos de conca, tal e como se reflicte a continuación:

ÁMBITO TERRITORIAL	ORGANISMO DE CONCA
Galicia-Costa	Augas de Galicia
Conca Hidrográfica do Miño-Sil	Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
Conca Hidrográfica do Eo	Confederación Hidrográfica do Cantábrico
Conca Hidrográfica do Douro	Confederación Hidrográfica do Douro

En canto á distribución de competencias, a Administración Xeral do Estado mantén a competencia exclusiva sobre as obras hidráulicas declaradas de interese xeral e a xestión e o control dos verquidos ó Dominio Público Hidráulico nas concas intercomunitarias a través do Ministerio de Medio Ambiente e dos seus organismos de conca (Confederacións hidrográficas do Miño-Sil, Cantábrico e Douro), a Administración autonómica ten as seguintes competencias hidráulicas sobre todo o territorio exercidas a través do organismo Augas de Galicia:

- Concas intercomunitarias: programar, aprobar e tramitar os investimentos nas obras do seu interese en materia de abastecemento de augas, saneamento, encauzamento e defensa de marxes.

- Concas intracomunitarias: programar, aprobar, executar e explotar os aproveitamentos e as obras hidráulicas que se realizan dentro do territorio da Comunidade Autónoma, sempre e

cando esas actuacións non sexan declaradas de interese xeral e a súa realización non afecte a outra comunidade. Ordenar e xestionar as concesións dos recursos hidráulicos así como otorgar autorizacións para o verquido en cauces públicos ou para a utilización ou aproveitamento do dominio público hidráulico, é dicir, a xestión do dominio público hidráulico.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, ao que lle corresponde a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia. O IGVS adscíbese á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, segundo o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da citada consellería.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo exerce as competencias e funcións que a continuación se indican:

- En xeral correspóndenlle as competencias e funcións en materia de política de vivenda, favorecendo o acceso dos cidadáns ao dereito, constitucionalmente garantido, dunha vivenda digna e adecuada.

- O fomento das actuacións de rehabilitación do patrimonio e arquitectónico en materia de vivenda tanto rural como urbana.

- A creación de solo residencial e de equipamentos acorde coas necesidades de asentamento da poboación.

- Complementariamente correspóndelle ao IGVS, a través dos seus órganos, dentro do marco da normativa de ordenación do territorio e a urbanística, o establecemento da política de solos de carácter produtivo, tales como o industrial, o comercial ou tecnolóxico e, en xeral, os que incidan na mellora da habitabilidade do territorio da Comunidade Autónoma, baseando aquela no principio de sostibilidade, en colaboración coa política de solos sectoriais específicos desenvolta por outros departamentos ou administracións en Galicia.

- A tramitación de plans e proxectos sectoriais abeirados no acordo do Consello da Xunta de 26 de maio de 2006 e de 6 de setembro de 2007, e na disposición adicional 2ª da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Estas competencias e funcións relacionadas de xeito xenérico son consecuencia de sucesivas transferencias, que de seguido tamén se relacionan:

- Patrimonio arquitectónico, control de calidade na edificación e vivenda: o Real decreto 1926/1985, do 11 de setembro, dispón o traspaso de funcións e servizos na materia. A asunción e asignación lévase a cabo mediante Decreto 230/1985, do 24 de outubro.

- Sociedade estatal de promoción e equipamento do solo (SEPES): polo Real decreto

213/1986, do 10 de xaneiro, foron traspasadas á Comunidade Autónoma as participacións accionarias, e as funcións inherentes ás mesmas, que SEPES ostentaba en Xestur Coruña, Xestur Lugo e Solo Urbano de Pontevedra.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é o organismo autónomo encargado de mellorar a vixilancia e inspección do territorio e a protección do litoral coa finalidade de velar polo cumprimento da legalidade, previndo e combatindo as infraccións en materia de urbanismo e de costas.

Os Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias dos anteriores organismos autónomos son os seguintes:

Real decreto 1870/1985, do 11 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de abastecemento de auga, saneamento, encauzamento e defensa de marxes. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 253/1985, do 17 de outubro.

Real decreto 2792/1986, do 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de obras hidráulicas. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 24/1987, do 29 de xaneiro.

Real decreto 2498/1983, do 20 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda rural. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 152/1983, do 11 de outubro.

Real decreto 1926/1985, do 11 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de patrimonio arquitectónico, control da calidade da edificación e vivenda. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 230/1985, do 24 de outubro.

Real decreto 1461/1989, do 1 de decembro, sobre ampliación de medios adscritos ós servizos da administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de patrimonio arquitectónico, control da calidade da edificación e vivenda.

1.2.3. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

DOS ENTES PÚBLICOS

O Decreto 125/96, de 7 de marzo, polo que se aproban os Estatutos da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos establece que é unha entidade con personalidade xurídica propia que axusta a súa actividade ao dereito privado e que se rexe por os seus estatutos e pola lexislación xeral sobre sociedades públicas autonómicas que lle é de aplicación.

Constitúe o obxecto da empresa a xestión das obras e a prestación dos servizos que lle

sexan encomendados dentro do programa de actuacións do organismo autónomo Augas de Galicia.

Considéranse incluídas no citado obxecto as actividades seguintes:

- a) A elaboración de estudos, anteprojectos e proxectos.
- b) A preparación e contratación de obras e servizos
- c) A explotación de instalacións de maneira directa ou indirecta.
- d) O establecemento de convenios ou acordos de colaboración e cooperación con administracións e entidades públicas, empresas públicas ou privadas ou outros interesados para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da empresa.
- e) A realización de operacións financeiras dirixidas á dispoñibilidade de recursos económicos para a consecución dos programas de obras e servizos.
- f) Calquera outras que en relación co mesmo lle sexan encargadas polo Consello da Xunta de Galicia ou ao organismo autónomo Augas de Galicia.

A empresa poderá prestar servizos de asesoramento e asistencia técnica en materias relacionadas co seu obxecto.

A Empresa iniciou á súa actividade con data de 1 de xuño de 1996. É unha entidade de dereito público que ten personalidade xurídica propia e plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, axustando a súa actividade ó ordenamento xurídico privado sen prexuízo das relacións que resulten da súa adscrición administrativa.

Un cambio na operativa deste ente público produciuse por razón da publicación da Lei 2/2002, do 29 de abril, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2002, xa que estableceu un novo esquema orzamentario no que as obras ou servizos obxecto dunha colaboración financeira coas entidades locais figuran no anexo de investimentos da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, e no que o financiamento asociado á dita colaboración figura no capítulo VII "transferencias de capital" do organismo autónomo Augas de Galicia.

Deste modo, e dende a aprobación da referida norma, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos xa non actúa de forma exclusiva en nome e por conta de Augas de Galicia, senón que tamén asume a xestión integral, en nome e por conta propia, das obras e servizos que lle son encomendados dentro do programa de actuacións da Administración hidráulica de Galicia.

Así, as actuacións da Empresa tanto na execución de obras como na prestación de servizos de explotación poderá ser en nome e por conta propia ou en nome e por conta dos Órganos administrativos e Entes especiais que constitúen a Administración hidráulica de Galicia.

Esta Empresa, adscrita inicialmente á Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda, foi adscrita á Consellería de Medio Ambiente por virtude do Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia. Na ac-

tualidade a Empresa está adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Nas súas actuacións rexeranse polos seus Estatutos e pola Lei 10/1996 de 5 de novembro de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación.

Como entidade de dereito público está suxeita ás disposicións da Lei 8/1993, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia e ás da Lei 11/1992 de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, así como ás das sucesivas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma.

En materia laboral a normativa de aplicación ven constituída polo I Convenio Colectivo da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, publicado no Diario Oficial de Galicia o día 22 de setembro de 2005 por Resolución de 10 de agosto de 2005 da delegación provincial da Coruña da Consellería de Traballo.

DAS SOCIEDADES MERCANTÍS

SOCIEDADES DE XESTIÓN URBANÍSTICA (XESTUR). A Comunidade Autónoma, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, ten participación maioritaria nas seguintes empresas constituídas como sociedades anónimas baixo o título xenérico de Xestur:

Xestur A Coruña, S.A.

Xestur Lugo, S.A.

Xestur Ourense, S.A.

Xestur Pontevedra, S.A.

O Consello da Xunta de Galicia, na sesión celebrada o día 3 de xullo de 2008, aprobou o Decreto 167/2008, polo que se declaran medio propio instrumental e servizo técnico da Administración Xeral da Xunta de Galicia as catro sociedades anónimas de Xestión Urbanística de Galicia, e se aproba a modificación dos seus estatutos.

Segundo a nova regulación, o obxecto social das catro Xestures ven constituído pola realización de actividades dirixidas á promoción e xestión do solo empresarial, residencial e construción de edificacións no territorio de Galicia. O desenvolvemento destas actividades ten por finalidade garantir a utilización do solo de acordo co interese xeral e dotar a Galicia de solo suficiente para a localización de industrias e a implantación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento socioeconómico e a promoción de emprego así como de solo para a construción de vivendas dignas e adecuadas, especialmente, aos sectores con menos capacidade económica, actuando como elemento de regulación do mercado inmobiliario e de mellora da calidade ambiental.

Ás sociedades citadas débese engadir, como instrumento de execución dos compromisos da administración estatal do Plan Sectorial de Parques Empresariais, a sociedade Suelo Empresarial del Atlántico, S.L., participada polo IGVS, e que terá por finalidade a execución do solo industrial derivado do dito plan.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

Os créditos orzamentarios da Consellería e dos seus Organismos Autónomos destínanse a exercer as competencias e funcións que lle son propias.

A continuación pásanse a definir as principais liñas de acción, diferenciándoas por centros xestores de gasto, é dicir, direccións xerais e secretarías xerais.

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

- a) A materialización e posta en práctica da política territorial e de utilización racional do solo coa finalidade de favorecer o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio; contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación e protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos, e o exercicio das funcións que a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, lle atribúe á persoa titular da dirección xeral competente en materia de urbanismo.
- b) O fomento da formación e da investigación, e a elaboración e divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo, do seguimento e control da actividade urbanística, sen prexuízo das competencias dos municipios e o requirimento de anulación de actos de aprobación de instrumentos de planeamento e xestión urbanística e da participación cidadá na formulación, tramitación e xestión do planeamento territorial e urbanístico.
- c) A elaboración de proxectos e anteprojectos de disposicións normativas en materia de urbanismo.
- d) A realización de actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.
- e) A preparación dos informes que conforme a lexislación de carácter sectorial lle corresponda emitir ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.
- f) Análise e proposta de informe dos expedientes de solicitude de autorización de execución de grandes establecementos comerciais sobre a súa adaptación ao planeamento vixente e en tramitación, para a posta en coñecemento da súa viabilidade á Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais.
- g) A realización de apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico, a súa xestión e execución e o seu seguimento, arquivo e rexistro, mediante un plan de axudas públicas.
- h) Programa de Axudas ó Planeamento Urbanístico Municipal. En Galicia, moitos concellos carecen de plans de ordenación municipal, o que está a impedir o desenvolvemento ordenado do seu territorio e a aplicación de criterios de crecemento sostibles. A situa-

ción é provocada en parte por la falta de medios dos concellos. Para solucionar este problema a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas habilitará novas e máis amplas axudas (tanto económicas como en materia de asesoramento técnico) co fin de facilitar a elaboración e tramitación dos plans de ordenación municipal e polo tanto, o desenvolvemento sostible do noso territorio.

- i) A posta en valor do plan Hurbe en colaboración coas entidades locais da Comunidade autónoma, co obxectivo de executar equipamentos, contribuír ao reequilibrio territorial da Comunidade, fomentar a creación e mellora dos espazos de encontro e recuperar os espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico. As actuacións realizaranse coa colaboración dos concellos, xa que son as administracións máis próximas ao territorio e aos cidadáns, mediante o desenvolvemento dos programas de equipamentos públicos, de humanización de rúas e de urbanización e mellora de espazos públicos, para dar cobertura ás necesidades da cidadanía. O obxectivo é que, ata o ano 2014, o 40% de concellos de Galicia sexan beneficiarios dunha axuda.

SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

As actuacións da consellería neste ano céntranse en dous eixes fundamentais:

1. A posta en marcha do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, co que se intentará dar unha resposta decidida ás demandas comunitarias en materia de prevención da xeración de residuos e á promoción da reutilización, reciclaxe e recuperación dos xerados, co fin de acadar un modelo de xestión sostible e reducir o seu impacto ambiental.

As actuacións neste eido irán dirixidas a:

- Desenvolver actividades de fomento, dirixidas aos concellos, para incentivar as melloras que en materia de xestión de residuos están sendo promovidas polos mesmos, e ás entidades sen ánimo de lucro, apoiando o asociacionismo medioambiental e os seus proxectos e iniciativas de interese neste campo.

- Fomentar a recollida selectiva en orixe como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe, cun apoio específico á xestión e recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos urbanos.

- Incorporar o factor humano nas actuacións de xestión de residuos, maximizando a implicación así como os coñecementos tanto da poboación como dos xestores.

- Seguir avanzando na dotación á comunidade autónoma dos equipamentos, sistemas e infraestruturas necesarias que garantan unha axeitada xestión de residuos no noso territorio, apostando pola autosuficiencia territorial, reducindo os custos de transporte.

2. A posta en marcha do Programa Marco Galego fronte ao Cambio Climático 2010-2020, co que se pretende ofrecer unha resposta aos problemas asociados ao Cambio Climático a través dunha serie de actuacións no marco do cumprimento dos obxectivos marcados polo Protocolo de Kioto e o Paquete de Enerxía e Cambio Climático da Unión Europea.

No ano 2011 as actuacións centraranse na:

- Observación, investigación e adaptación.
- Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.
- Formación e concienciación cidadán.

DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS

O Plan de Mobilidade e Orientación Viaria Estratéxica (Plan MOVE), elaborado co obxectivo de ordenar e xerarquizar a nosa rede de estradas, coordinar as iniciativas das distintas administracións, completar as comunicacións de Galicia co seu entorno (Asturias, Castela e León e Portugal), mellorar a accesibilidade ás cidades, aos espazos urbanos principais e as grandes áreas industriais e loxísticas, situando ao 80% da poboación a menos de 10 minutos dunha vía de altas prestacións, integrando a seguridade viaria como criterio básico desde o propio deseño da infraestrutura, será o principal marco de actuación da Dirección Xeral de Infraestruturas para o exercicio 2011.

En consecuencia, os programas de actuacións mais importantes para o ano 2011 serán os seguintes:

1. Programa de actuación en Vías de Altas Prestacións
2. Programas de actuacións en vías estruturantes e complementarias
3. Programa de Actuacións en Medios Urbanos
4. Programa de Mantemento e Conservación das Estradas Galegas
5. Programa de Seguridade Viaria.

Para levar a cabo estes programas, a Dirección Xeral de Infraestruturas contará, para o ano 2011, cun orzamento total de 528,16 millóns de euros, correspondendo 279,47 millóns de euros a financiamento orzamentario e 248,69 millóns de euros a financiamento extraorzamentario, dos cales 128,00 millóns de euros serán través de concesións e 120,69 millóns de euros a través da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

O financiamento orzamentario é a fonte principal para o financiamento das actuacións e ten a súa orixe nos orzamentos anuais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O financiamento extraorzamentario ten a súa orixe no mercado financeiro privado. Trátase, en parte, de instrumentacións soportadas pola xeración de recursos derivados do uso da infraestrutura.

Así, para o ano 2011, podemos distinguir:

- a) Concesións
- b) Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

Financiamento orzamentario:

Con cargo ao financiamento orzamentario, as actuacións mais relevantes a impulsar son:

- I. Programa de actuacións en Vías de Altas Prestacións:
 - a) Autovía Vilagarcía-Pontevedra. Treito Curro-Baión.
 - b) Vía Ártabra.
 - c) Variante de Marín.
 - d) Vía de Altas Prestacións Sarria-Monforte.
 - e) Vía de Altas Prestacións Tui-A Guarda. Treito I
 - f) Conexión da A-52 co Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas e Valderrábeda.
 - g) Vía de Altas Prestacións Brión-Noia.
 - h) Conexión do Corredor Brión-Noia coa AC-550 en Taramancos (Noia)
 - i) Corredor do Norte Ferrol-San Cibrao.
 - j) Desdoblamento Sanxenxo-A Lanzada
 - k) Vía de Altas Prestacións Ramallosa-A Estrada
 - l) Vía de Altas Prestacións A Estrada-Cerdedo/Forcarei (N-543)
 - m) Conexión do Corredor Brión-Noia coa AC-550 en Taramancos (Noia)
2. Programas de actuacións en vías estruturantes e complementarias:
 - a) Novos eixes e variantes.
 - b) Plan de adecuación de travesías.
 - c) Acondicionamento e mellora da rede de estradas convencionais.
3. Programa de Actuacións en Medios Urbanos, tratando de impulsar actuacións que permitan resolver os problemas nos accesos ás cidades, reducindo o nivel de conxestión.
4. Programa de Mantemento e Conservación das Estradas Galegas, co obxectivo de manter o estado das estradas nas debidas condicións de viabilidade, seguridade, limpeza, sinalización e comodidade.
5. Programa de Seguridade Vial, como compromiso da Xunta de Galicia na redución da sinistralidade e a minoración da gravidade dos accidentes de tráfico a través dun programa de actuación integral e coordinado entre todas as súas consellerías. Nos orzamentos de 2011 destinaranse partidas orzamentarias específicas para tal fin, dependendo dos programas ou actuacións que cada unha delas teña previsto asumir (educación viaria, xuventude, accións de control e vixilancia, campañas de prevención, dispositivos de emerxencia, etc.). A consellería, dende unha concepción da seguridade como criterio mesmo de deseño da infraestructura e a implantación de auditorías de seguridade como ferramenta preventiva, reservará fondos nominativos para o mantemento e conservación de estradas, mellora nas condicións de seguridade e comodidade da vía, sendas peonís e carrís bici separados da zona de circulación dos vehículos, a eliminación de tramos de concentración de accidentes (TCAs) e desenvolvemento de sistemas ITS. Todo isto sen detrimento da colaboración noutras campañas conxuntas que incidan na concienciación da necesaria redución do número de

accidentes e das vítimas.

Financiamento extraorxamentario:

No ano 2011 aplicaranse modelos de financiamento extraorxamentarios para a provisión das infraestruturas e dos obxectivos recollidos no Plan de Mobilidade e Orientación Viaria Estratégica (Plan Move) co obxecto de dotar a Galicia nun prazo breve de tempo das actuacións consideradas imprescindibles para o seu desenvolvemento económico.

Coa necesidade de cumprir adecuadamente os obxectivos de estabilidade orxamentaria, considérase necesario vincular a iniciativa privada á execución e explotación de rede de estradas autonómica. Desta forma, adiántase o retomo social derivado do incremento de riqueza que xera este investimento sen incrementar o déficit público, e, en consecuencia, sen comprometer o crecemento económico da comunidade autónoma.

Con este plantexamento, a colaboración público - privada configúrase como a opción mais axeitada e viable para enfrontarse ao reto de dar cumprimento as actuacións propostas nun escenario caracterizado polos seguintes aspectos:

1. A necesidade de atopar novas fontes de financiamento ao marxe dos mecanismos orxamentarios, como consecuencia das limitacións fixadas para o crecemento dos gastos públicos e a tendencia a unha paulatina redución das cargas fiscais sobre a sociedade.
2. A importancia crecente de introducir, incluso na construción e explotación de obras públicas, modelos de xestión empresariais que permitan establecer, aplicar e medir non solo parámetros relativos ao grado de cumprimento dos obxectivos públicos, senón tamén relativos á calidade dos servizos e o grado de eficiencia e eficacia en que ditos obxectivos se alcanzan.
3. O cumprimento dos obxectivos de redución do déficit e do endebedamento público fixado para as Administracións Públicas no marco comunitario.
4. O impulso da participación do sector privado na xestión das instalacións e infraestruturas públicas, asumindo os riscos empresariais asociados a dita participación.
5. Manter o impulso inversor previsto no Plan Move.

Dentro do financiamento extraorxamentario podemos distinguir:

- a) Concesión de obra pública
 - b) Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.
- Concesións de obra pública do ano 2011

Ao longo do ano 2011 a Dirección Xeral de Infraestruturas xestionará a execución de varias actuacións en réxime de concesión co mesmo obxecto de mobilizar recursos extraorxamentarios:

1. Vía de Altas Prestacións da Costa da Morte.
2. Eixo de comunicacións A-52-Fronteira Portuguesa: Treito I: Vía de Altas Prestacións A-

- 52-Celanova Sur e Treito II: Celanova Sur-Fronteira Portuguesa.
3. Desdobramento do Corredor do Morrazo.
 4. Desdobramento Nadela-Sarria.
 5. Desdobramento Brión-Noia.
 6. Vía de Altas Prestacións Tui-A Guarda. Treito II: Enlace PO-350-Enlace Goián.

En consecuencia, para o ano 2011 estímase un investimento extraorxamentario en materia de concesións de 128,00 millóns de euros.

Neste apartado indicar que co obxecto de optimizar o sistema de contraprestación a favor da sociedade concesionaria, nas futuras concesións a licitar, pasarase dun pago a través dun canon de demanda (sistema aplicado ata agora) calculado en función dos tipos de vehículos que circulen pola infraestrutura, o número de vehículos-kilómetro e as tarifas aplicables por cada tipo de vehículo por kilómetro recorrido, a unha contraprestación consistente na percepción dun canon por dispoñibilidade anual, cuxo importe máximo é ofertado polo sociedade concesionaria e que se modula en función da calidade do servizo, dependendo dos valores alcanzados para os indicadores de calidade e estado da vía.

Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

En concepto de recursos extraorxamentarios, desde a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., contarase cun investimento total para o ano 2011 de 120,69 millóns de euros para actuacións en materia de estradas.

DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

Fomentar a mellora dos servizos aéreos a través da participación no Comité de Rutas Aéreas de Galicia.

Proseguir o desenvolvemento legal do ente ferroviario de Galicia, así como continuar cos estudos para implantar os metros lixeiros nas cidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela.

Continuar coa implantación do Transporte Metropolitano de Galicia nas sete grandes áreas de aglomeración urbana, incluíndo, ademais da implantación da tarifa única e a despenalización dos transbordos, un sistema integral de información en tempo real dos servizos prestados, así como a mellora das infraestruturas asociadas.

Continuar coa elaboración do Plan Director de Mobilidade Alternativa e iniciar a tramitación para a súa aprobación.

Mellorar a intermodalidade do transporte, aprobando o Plan de Aparcamentos Disuasorios e poñendo en marcha as súas propostas; promover a creación de intercambiadores dos modos de transporte e plataformas reservadas para o transporte de viaxeiros nas cidades e nas vilas, así

como a implantación dun sistema integral de información ao usuario.

Continuar coa inspección do transporte para controlar o cumprimento da normativa reguladora de transporte.

DIRECCIÓN XERAL DE SOSTIBILIDADE E PAISAXE

Área de Urbanismo

Territorio e paisaxe

- a) Elaboración de estudos para o desenvolvemento de instrumentos de ordenación do territorio e de protección da paisaxe.
- b) Continuación coas accións de elaboración de catálogos de paisaxe.
- c) Deseño da estratexia de promoción-formación, divulgación, sensibilización e participación social en materia de ordenación do territorio e paisaxe

Cartografía

- a) Accións de seguimento da elaboración da Base Topográfica Armonizada de Galicia (BTG) 1:5000, correspondente á superficie a cartografiar no ano 2011.
- b) Accións de seguimento da elaboración do Plan Nacional de Ortografía Aérea (PNOA), correspondente á superficie a cartografiar no ano 2011.

Área de Coñecemento do Medio Ambiente e Fomento da Sostibilidade

Plan de sostibilidade de Galicia

- a) Convenios e axudas para o fomento e promoción da sustentabilidade. Participación na Rede Europea da Paisaxe (RECEP-ENELC).
- b) Actividades de educación para a sostibilidade.
- c) Actividades de promoción e fomento da sostibilidade.
- d) Accións de fomento das Axendas 21 Locais.

XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA

A finalidade do Xurado de Expropiación de Galicia é a consolidación do Organismo, na súa función de resolución de expedientes de expropiación, cos obxectivos de reducir a bolsa de expedientes pendentes de resolución, e de resolver os recursos en prazo.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

Augas de Galicia establecerá como ferramenta clave para o ano 2011 a planificación, co fin de acadar os seguintes obxectivos da forma máis eficiente:

1. A mellora da calidade das augas das rías galegas, co obxectivo de mellorar a clasificación das zonas de produción de marisqueo.
2. Mellorar o servizo público de abastecemento de auga potable á poboación, dando cumprimento ao Plan Auga, aprobado en Consello da Xunta do 14/05/2010.
3. Acadar os requirimentos da Directiva 91/271/CEE, de tratamento de augas residuais.
4. Adaptación ao disposto na Directiva 2000/60/CE, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, a través da nova Lei de augas de Galicia.
5. Mellora das infraestruturas hidráulicas no medio rural da Comunidade Autónoma Galega.
Tendo presente este fin último, Augas de Galicia centrará a súa actividade nas seguintes liñas de actuación:
 1. Plan hidrolóxico de Galicia-Costa
Avaliación dos recursos hídricos existentes, afondando no grao de coñecemento da súa calidade, coa fin de optimizar a súa xestión e a priorización dos usos da auga.
Ordenación e recuperación de marxes e ribeiras, co fin de evitar impactos ambientais negativos.
Redacción do estudo preliminar do risco de inundacións en Galicia Costa
Inicio da elaboración do Plan de Seca
 2. Plan de control de vertidos
O organismo autónomo seguirá desenvolvendo o Plan de control de Vertidos, que ven facendo numerosas campañas de inspección, detección e control de vertidos existentes ao dominio público hidráulico e dominio público marítimo-terrestre na Demarcación Hidrográfica Galicia - Costa, que é o ámbito competencial do organismo Augas de Galicia.
 3. Plan Auga
O Plan de Auga, plan de abastecemento de Galicia, será a ferramenta básica de planificación da Administración hidráulica de Galicia para o desenvolvemento das actuacións en materia de abastecemento e xestión dos recursos hídricos. En consecuencia, desenvolveranse as actuacións necesarias para garantir o subministro de auga en calidade e cantidade adecuada a todos os núcleos de poboación que indique a planificación, atendendo a un uso racional e sostible.
 4. Plans de saneamento local das rías galegas
Augas de Galicia continuará desenvolvendo os plans de saneamento local das rías galegas, plans que constitúen un cambio de estratexia en materia de planificación nas rías galegas. Estes plans teñen o obxectivo de estudar o sistema de saneamento no seu conxunto, e no que se definirán as actuacións precisas e necesarias para o control das augas pluviais, atendendo ás últimas técnicas de drenaxe sostible, e tendo en conta o medio receptor no que nos atopamos.
 5. Cumprimento da Directiva 91/271/CEE

Dentro de este apartado o máis salientable é o inicio da execución da sobras previstas no convenio subscrito entre a Xunta de Galicia e Acunor para a mellora do saneamento da ría de Vigo.

6. Obras de interese xeral do Estado

Augas de Galicia continuará colaborando coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, co obxecto de axilizar a realización das obras declaradas de interese xeral na Comunidade Autónoma de Galicia a través da Lei do plan hidrolóxico nacional.

Lei de augas de Galicia e regulamentos:

Para o ano 2011 contaremos cunha nova Lei de augas de Galicia e tamén se tramitarán os principais regulamentos que a desenvolven.

En consecuencia, está prevista a creación da entidade Augas de Galicia, fusionando o actual organismo autónomo e a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, ademais de contar cunha normativa que cumpra integramente cos requisitos marcados pola Directiva Marco da Auga.

Grazas a esta Lei establécense as bases para un novo modelo de xestión en materia de explotación de depuradoras de augas residuais de Galicia. Así, para o ano 2011 está prevista a tramitación do "Regulamento do servizo de depuración de augas residuais de Galicia", no que se establecerán os criterios para o novo marco de xestión de depuradoras de augas residuais na nosa Comunidade Autónoma.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro ao que lle corresponde a realización da política do solo e vivenda da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e axeitada, e unha utilización do solo acorde co interese xeral, erradicando a especulación e actuando como elemento regulador do mercado inmobiliario e de mellora da calidade medioambiental.

Segundo o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo queda adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas como organismo autónomo, que, de acordo co Decreto 317/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo, lle corresponde a realización das políticas de vivenda e solo, coa finalidade de acadar os obxectivos previstos na Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e no marco dos principios reitores contidos no artigo 47 da Constitución española.

Os créditos que o proxecto de orzamentos pon a disposición do Instituto Galego da Vivenda e Solo destínanse a exercer as competencias e funcións descritas anteriormente.

Pola súa especial incidencia, pódense destacar os seguintes obxectivos e liñas de acción:

1. Impulsarase, en colaboración coas Xestures e SEA, a creación de solo produtivo ordenadamente, de acordo cos plans e programas vixentes ou en elaboración, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Impulsarase o desenvolvemento de solo residencial, para a creación de solo con destino preferente á construción de vivendas protexidas, dacordo cos datos do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda.
3. Impulsarase a construción de vivenda de promoción pública, rematando as vivendas xa iniciadas nos anos anteriores.
4. Continuarase coa reparación do parque de vivendas de promoción pública, mediante accións directas e medidas de fomento con axudas ás comunidades de propietarios, permitindo así a diminución da acción directa do organismo na reparación dos grupos de vivendas pola acción de fomento, garantindo a implicación dos usuarios das vivendas.
5. - Fomentarase a reconstrución e rehabilitación de vivendas unifamiliares singulares e a corrección de impactos nas edificacións actuais, mantendo os convenios acordados cos concellos de Lugo e Vigo para os compromisos xa formalizados en anos anteriores, e rehabilitando edificios e vivendas de promoción pública en conxuntos históricos doutras cidades galegas.
6. Axudas ao alugamento no Programa Aluga, na procura dunha dinamización do mercado de vivenda en aluguer, coa intervención decidida da Administración pública, mediante axudas para propietarios e inquilinos, con especial incidencia nos sectores sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
7. Desenvolvemento do Plan de Vivenda 2009-2012, así como do plan galego de vivenda para o mesmo período, co obxectivo de facilitar aos cidadáns e cidadás galegos e galegas o acceso á vivenda.
8. Así mesmo, fomentarase a rehabilitación de calidade dos conxuntos históricos e das vivendas do medio rural especialmente deprimidas.
9. Axudas para a rehabilitación de calidade de vivendas en áreas de rehabilitación integral e de centros históricos, e de renovación urbana e núcleos rurais e costeiros necesitados de renovación integral.
10. Facilitarase o acceso á primeira vivenda de calidade a aqueles colectivos de ingresos medios e baixos e aqueloutros con especiais dificultades polas súas circunstancias persoais.
11. Continuarase coas axudas a adquirentes de vivendas de protección autonómica do Plan de Vivenda 2009-2012, incentivando a promoción de vivendas de calidade de protección autonómica con destino á venda, mediante axudas ás familias adquirentes de vivendas protexidas e de vivendas usadas a promotores para uso propio, todos eles de ingresos medios e baixos, así como axudas para colectivos con especiais dificultades, como son os emigrantes retornados, as familias monoparentais, as persoas con discapacidade e as súas familias, os mozos de ata 35 anos, os maiores de 65 e as vítimas da violencia de xénero, terrorismo e catástrofes.
12. Incentivos para a construción de vivendas protexidas de calidade con destino a alugueiro, especialmente de xente moza e maiores de rendas limitadas.
13. Axudas para a rehabilitación ou renovación de vivendas rurais.

14. Axudas para a rehabilitación ou renovación de vivendas en conxuntos históricos.
15. Creación e mantemento das oficinas de información e apoio á rehabilitación en áreas de rehabilitación, e de portelos únicos.
16. Apoio a cursos de postgrado, masters..., para a formación dos axentes que interveñen na calidade da vivenda, do territorio e da rehabilitación do patrimonio construído.

As liñas de actuación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para 2011 son o impulso e consolidación das actuacións que, en virtude da normativa aplicable, correspóndenlle á Axencia para así mellorar a vixilancia e inspección do territorio e a protección do litoral, coa finalidade de velar polo cumprimento da legalidade, previndo e combatendo as infraccións en materia de urbanismo e de costas.

II.3. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

II.3.1. DOS ENTES PÚBLICOS

A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, como parte da Administración hidráulica da Xunta de Galicia, atópase implicada no desenvolvemento e cumprimento da Directiva 2000/60/CE, do parlamento europeo e do consello do 23 de outubro de 2000, polo que se establece un marco comunitario de actuación no marco da política das augas.

Dentro de este marco global A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos está involucrada no desenvolvemento do Plan hidrolóxico de Galicia-Costa, do Plan de Saneamento de Galicia e do Plan Auga.

Tamén está a traballar tendo en conta a futura implantación da futura lei de augas de Galicia, en trámite Parlamentario no ano 2010, estando previsto para o ano 2011 o desenvolvemento dos seus regulamentos principais.

Ademais, a o ente público participa no desenvolvemento doutros plans postos en marcha no ano 2010: os plans de saneamento locais das rías galegas e o plan específico de infraestruturas para a mellora da calidade das augas das rías galegas, ambos consecuencia do Plan de Infraestruturas Hidráulicas e Traballos Medioambientais 2009-2013 que foi presentado no Consello da Xunta do 27 de xullo de 2006.

Tendo en conta estas implicacións, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos establece para o orzamento do ano 2011 as principais liñas de acción:

- a) Melloras nos sistemas de saneamento para:
 - Dar cumprimento á directiva 91/271/CEE de tratamento de augas residuais
 - Dar cumprimento ao plan de saneamento de Galicia

- Mellorar a calidade das nosas rías galegas co obxectivo de acadar unha mellor clasificación das zonas de produción marisqueira.

- A colaboración técnica e financeira coas entidades locais para mellorar as redes de saneamento

- Continuar coa explotación de estacións depuradoras de augas residuais e iniciar outras

- Executar grandes infraestruturas de saneamento con financiamento privado

Para dar cumprimento a estes obxectivos operativos defínense uns obxectivos estratéxicos:

- Actuacións que impliquen a eliminación de verteduras ás rías galegas para a mellora da calidade das súas augas

- Obras de saneamento para a mellora da calidade das cuncas fluviais, a través de actuacións que eliminen verteduras aos ríos galegos.

- Explotación de estacións depuradoras de augas residuais

- Grandes infraestruturas con financiamento privado.

b) Melloras nos sistemas de abastecemento para:

- Dar cumprimento ao Plan Auga.

- A colaboración técnica coas entidades locais para mellorar os sistemas de abastecemento.

Para dar cumprimento a estes obxectivos operativos defínense uns obxectivos estratéxicos:

- Infraestruturas de abastecemento en grades sistemas.

- Infraestruturas de abastecemento no resto dos sistemas.

c) Mellora de marxes para:

- Desenvolver actuacións dirixidas ao restablecemento das condicións naturais dos ríos e zonas costeiras, integrándoas no seu contorno e protexendo a poboación de posibles crecidas.

Para dar cumprimento a estes obxectivos operativos defínense uns obxectivos estratéxicos:

- Actuacións de protección contra inundacións

- Actuacións de mellora de marxes

d) Mellora de infraestruturas de abastecemento e saneamento para:

- Dar cumprimento aos plans de abastecemento e saneamento.
- A colaboración técnica coas entidades locais para mellorar os sistemas de abastecemento e saneamento.

Todas estas actuacións quedan recollidas e detalladas no anexo de investimentos reais do exercicio 2011.

II.3.2. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS

Sociedades de Xestión Urbanística (XESTUR). As sociedades de xestión urbanística terán protagonismo na execución de parques empresariais e vivenda, utilizaranse como áxil instrumento na posta en mercado do solo industrial. En particular para facer realidade os compromisos da Administración autonómica na tarefa de creación de solo industrial.

Tamén colaborarán na xestión do Programa de Renda Básica de Emancipación, baixo a dirección do Instituto Galego da Vivenda e Solo e do Ministerio de Vivenda.

Cómpre destacar de entre as actividades asignadas as Xestures, segundo o Decreto aprobado polo Consello da Xunta do 3 de xullo de 2008, as seguintes:

1. Promoción, adquisición, e preparación de solo para asentamentos industriais, residenciais, terciarios e de servizos.
2. Exercer a acción urbanizadora dirixida á preparación de solo industrial, residencial, terciario e de servizos, mediante a realización de obras de infraestruturas, urbanización, e dotación de servizos para o seu adecuado equipamento, así como calquera outra acción precisa para a execución do planeamento urbanístico.
3. Promover a acción edificatoria dirixida á realización de edificacións e instalacións destinadas a albergar industrias e vivendas, incluídas as vivendas suxeitas a calquera réxime de protección pública, así como as dotacións de equipamento comunitario previstas polo planeamento urbanístico.
4. O fomento da adquisición de solo así como a rehabilitación e construción de todo tipo de edificacións.
5. A promoción e xestión de actuacións en materia de vivenda e solo que se desenvolvan directamente pola propia sociedade ou en colaboración con outras Administracións públicas competentes.
6. Subscribir convenios con Administracións públicas ao obxecto de desenvolver actuacións vinculadas ao obxecto social nos termos establecidos na normativa vixente.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 451A- FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA:

1.DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os obxectivos do programa consisten fundamentalmente en mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas e fomentar a súa calidade no máis amplo sentido.

Para lograr estes obxectivos, neste programa actúase no eido das axudas en todas as súas vertientes para a rehabilitación (vivendas en conxuntos históricos, vivenda rural, reforma de edificios de VPP...) no marco do plan estatal de vivenda e das normas autonómicas que o complementan e dos programas propios do IGVS.

Tamén se incide na tramitación e xestión das axudas para propietarios que teñan as súas vivendas incorporadas ao Programa Aluga, subvencionando aquelas obras que sexan necesarias para que as vivendas ofertadas no programa cumpran coas condicións de calidade e habitabilidade.

Por outra banda, o estado de degradación dalgúns cascos históricos e núcleos rurais fai necesaria a intervención para proceder, na medida do posible, á súa rehabilitación e á súa posterior posta en valor.

Destacan igualmente as iniciativas de colaboración a través de convenios e outros mecanismos legalmente establecidos con distintos axentes (concellos, universidades, institucións sen ánimo de lucro...) nos distintos aspectos, tanto da rehabilitación como técnicos, referidos á calidade da vivenda, con especial incidencia no mantemento e apoio ás oficinas municipais de rehabilitación.

Finalmente, dende este programa tamén se actúa na reparación de vivendas propias, do parque de Vivenda de Promoción Pública do IGVS.

2.ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

Sociedades Públicas de Xestión Urbanística

III.1.2. PROGRAMA 451B- ACCESO Á VIVENDA:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O obxectivo fundamental deste programa é facilitar o acceso á vivenda, tanto en propiedade como en réxime de aluguer, para aqueles sectores da sociedade que se atopen en condicións máis desfavorecidas.

Para lograr estes obxectivos, no programa incídese na promoción pública de construción de vivenda nova, con destino aos colectivos máis desfavorecidos, con renda entre 0,7 e 2,5 do Iprem.

Incídese, así mesmo, nas axudas a adquirentes de vivendas protexidas, sexan usadas ou libres a prezos limitados, dentro do marco do Plan de Vivenda 2009-2012, e das actuacións pendentes de Plans anteriores, con especial atención aos colectivos máis desfavorecidos: emigrantes retornados, persoas con discapacidade e maiores de 65 anos, vítimas da violencia de xénero ou do terrorismo e xente moza...

Tamén se desenvolve o Programa Aluga, na procura dunha dinamización do mercado de vivenda en aluguer, con axudas para inquilinos, con especial incidencia nos sectores sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

Impúlsase o Rexistro Público Único de Demandantes de Vivendas de Protección Pública, para facilitar o coñecemento da demanda e o control das adxudicacións, garantindo a publicidade, concorrencia e transparencia destes procesos, e facilitando a planificación das políticas públicas de vivenda.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

Sociedades Públicas de Xestión Urbanística

III.1.3. PROGRAMA 451C- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE VIVENDA E SOLO:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O obxectivo fundamental deste programa é atender aos gastos xerais dos capítulos 1 e 2, así como aos gastos en investimentos operativos do capítulo 6 e en investimentos de carácter inmaterial.

Para lograr este obxectivo procurárase xestionar con eficacia o orzamento, intentando aplicar nos procedementos de xestión do gasto criterios de eficiencia e eficacia.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

III.1.4. PROGRAMA 511A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICA TERRITORIAL:

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

É este un programa instrumental de servizos administrativos que ten como finalidade proporcionar os medios materiais, persoais e de organización para o funcionamento dos servizos de carácter xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

As actividades que desenvolve céntranse no plan de transparencia e modernización informática da consellería, co que se pretende aproximar a consellería aos cidadáns, aumentar a transparencia dos seus procedementos e actuacións, así como mellorar as condicións dos traballadores, todo iso destinado ao logro dun maior rendemento e eficacia da acción administrativa. En concreto abordaranse as seguintes:

1. As destinadas a aumentar a calidade, cantidade e rapidez de información dispoñible para os cidadáns.
2. Desenvolvemento e implantación de aplicacións informáticas de xestión destinadas a axilizar os procedementos administrativos, tanto no seu ámbito interno, como no de relación cos cidadáns e outras administracións.
3. Renovación de equipos de proceso de información e mellora da plataforma tecnolóxica que permitan o correcto funcionamento e mellora dos servizos prestados e incrementar a eficiencia e a eficacia nas actuacións impulsadas pola Cmati.
4. Xestión de persoal.
5. Xestión económica e administrativa de carácter xeral.
6. Recursos e servizos xurídicos.
7. Inspección técnica.
8. Acondicionamento e remodelación de edificios para usos administrativos.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Infraestruturas

Xurado de Expropiación de Galicia

III.1.5. PROGRAMA 512A. ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE

1.DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa persegue a realización dunha política de ordenación e inspección dos servizos de transporte que facilite a mobilidade das persoas e mercadorías, contribuíndo a que Galicia sexa mais accesible, aberta e integrada nos fluxos comerciais e económicos europeos e mundiais.

Para lograr este obxectivo, as actuacións mais destacadas a realizar no ano 2011 son:

- a) A implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano de Galicia nas principais aglomeracións urbanas galegas.
- b) O desenvolvemento das leis de novos órganos para a xestión do transporte (ente ferroviario de Galicia e o da entidade xestora do transporte público de persoas de Galicia).
- c) O desenvolvemento de leis que garantan e melloren as condicións de prestación dos servizos de transporte (Lei do transporte marítimo de persoas, Lei de transporte público en vehículos turismo e Lei de aeródromos e heliportos de Galicia).
- d) A articulación de redes de infraestruturas e servizos para o transporte de mercadorías.
- e) A potenciación do transporte público: proseguindo o desenvolvemento dos estudos de novos modos de transporte metropolitano (metros lixeiros), dos aparcadoiros disuasorios, etc.

2.ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Mobilidade

III.1.6. PROGRAMA 512B - : CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS:

1.DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os obxectivos do programa están definidos nos distintos plans de actuacións e destinados á satisfacción de necesidades en materia de infraestruturas do transporte. O plan de referencia é o Plan de Mobilidade e Orientación Viaria Estratéxica, que se complementa co PEIT elaborado polo Estado, e que se encadra nos documentos de referencia para as políticas estruturais da Unión Europea.

O Plan de Mobilidade e Orientación Viaria Estratéxica engloba as actuacións que vaia desenvolver a consellería en materia de estradas, e coordínase tanto coas actuacións de infraestruturas noutras materias e a optimización dos modos de transporte, como coas actuacións doutras administracións, en especial coa Administración central do Estado.

Recolle as actuacións concretas en materia de estradas, incluíndo as que correspondan aos programas de actuación en vías de altas prestacións, en vías estruturantes e complementarias, así

como as asociadas ao programa de seguridade viaria e ao programa de mantemento e conservación. Asimesmo, contemplaranse as actuacións específicas en medios urbanos.

2.ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Infraestruturas

III.1.7. 521A - URBANISMO:

1.DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O contido do programa é o desenvolvemento das actuacións necesarias para converter o territorio nun factor protagonista da competitividade e da igualdade e, polo tanto, nun axente activo de desenvolvemento económico e de cohesión social, e conseguir, mediante as oportunas intervencións de regulamentación sobre os usos do solo e accións de construción de edificacións, unha maior calidade de vida para os cidadáns.

O diagnóstico da situación detecta as seguintes necesidades:

De ordenación e planificación das actividades humanas sobre o territorio, pola carencia de figuras de Ordenación do Territorio e de plans de ordenación municipal que están a impedir o desenvolvemento ordenado do territorio e a aplicación de criterios de crecemento sostibles

De implicación de todos os axentes sociais intervintes para lograr, a través da cohesión social, o impulso de xeito decidido aos plans aprobados.

De fomento de iniciativas que contribúan a incrementar o interese dos suxeitos implicados para axilizar a xestión e posta en valor do contido dos plans e programas.

De humanización das vilas de Galicia tendo en conta o modelo social de integración cidadá de persoas nativas e inmigrantes para buscar o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.

De actividades de formación e orientación de profesionais e equipos colaboradores para concienciar aos cidadáns sobre a importancia da planificación e ordenación do territorio no benestar e na calidade de vida.

De vixilancia do cumprimento programático, para evitar desvíos e/ou outras accións non desexables para o interese xeral.

As actuacións máis significativas previstas na liña que se ven de expoñer son as seguintes:

Manter e mellorar as iniciativas de fomento da redacción de figuras de planeamento municipal e supramunicipal, mediante axudas económicas e colaboracións coas corporacións e/ou

outros entes locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Fomentar a elaboración de planeamento sectorial para desenvolvemento e planificación de actuacións, sobre partes do territorio, que pola súas especificidades o requiran.

Mellorar a calidade do ambiente urbano, mediante a implantación de edificios e outras infraestruturas de equipamentos en lugares estratéxicos definidos en colaboración coas entidades locais e comarcais.

Incentivar a dispoñibilidade de planeamento urbanístico municipal, mediante o financiamento da execución de actuacións de construción e mellora do contorno construído, mediante colaboracións cos concellos da nosa comunidade.

Colaborar con órganos e entidades para dispoñer de información territorial actualizada a disposición de todos os cidadáns.

Dotar á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo dos medios e recursos técnicos axeitados para o desenvolvemento das súas funcións.

O programa estará destinado tamén á elaboración dos catálogos da paisaxe de Galicia, a obtención da cartografía SIX 1:5000 como Base Topográfica Armonizada de Galicia (BTG) e á elaboración do Plan Nacional de Ortografía Aérea (PNOA).

Dentro deste programa, ademais, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, creada pola Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección del medio rural de Galicia, e definitivamente constituída en virtude da publicación (DOG nº 222, do 16/11/2007) e simultánea entrada en vigor do Decreto 213/2007, de 31 de outubro, que aproba os seus estatutos, desenvolverá en común cos demais centros directivos da Xunta de Galicia con competencias en Urbanismo, así como cos concellos que voluntariamente se integran nela, as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignen os seus estatutos (art. 3º).

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe

Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

III.1.8. PROGRAMA 531A- PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS:

1.DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O principal obxectivo deste programa é promover as actuacións necesarias para a creación e acondicionamento de solo industrial.

Para lograr este obxectivo incídese na creación de solo produtivo, desenvolvendo polígonos públicos onde exista unha maior demanda e necesidade de solo. Tamén se incide na realización de estudos e instrumentos de ordenación do territorio para a localización de novos solos produtivos, así como a súa divulgación ou achegamento á cidadanía dos que estean dispoñibles.

Para a mellora dos actuais parques empresariais que necesiten infraestruturas novas e actualizadas ás novas tecnoloxías, establécense convenios interadministrativos cos concellos respectivos.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

Sociedades Públicas de Xestión Urbanística

III.1.9. PROGRAMA 541A.- DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE:

1.DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa dalle soporte ás actuacións horizontais da Consellería en materia de medio ambiente, polo que serve de base para a execución do resto de programas neste ámbito competencial.

Ademáis, desenvolveranse actividades de fomento, de carácter horizontal, dirixidas a incentivar as melloras ambientais promovidas polas entidades sen ánimo de lucro, apoiando o asociacionismo medio ambiental e os seus proxectos e iniciativas de interese xeral.

As actividades a desenvolver serán as seguintes:

- Xestión dos gastos correntes, así como dos investimentos materiais de carácter horizontal, precisos para o desenvolvemento das competencias atribuídas á Consellería en materia de medio ambiente.

- Realización de estudos e traballos técnicos en temas xerais e demais actividades de apoio.

- Coordinación dos servizos e centros administrativos.

Apoio ás entidades sen ánimo de lucro, para a promoción de actividades e a realización de investimentos, de xeito que poidan desenvolver actuacións en temas ambientais.

2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

III.1.10. PROGRAMA 541D. CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O punto fundamental no que se centra este programa é a xestión de residuos, polo que un obxectivo prioritario será lograr unha redución na produción dos mesmos, mellorando os sistemas de prevención, así como incrementando a súa reutilización e reciclaxe, cun avance na mellora dos sistemas de xestión.

Así mesmo, seguirase avanzando na dotación á Comunidade Autónoma dos equipamentos, sistemas e infraestruturas necesarias que garantan unha axeitada xestión de residuos no noso territorio.

Outro aspecto básico será o control ambiental, ámbito no cal se buscará o obxectivo xeral de previr, reducir e controlar calquera tipo de contaminación.

Seguindo o disposto no punto anterior, dividiranse as actuacións previstas nos seguintes apartados:

I. Xestión de residuos:

Neste eido debe destacarse de xeito significativo o inicio da posta en marcha das medidas previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020, as cales se estenden a diferentes ámbitos:

- a) Prevención e redución da produción, partindo dunha política de prevención e comunicación a todos os niveis (produtores, consumidores, entidades locais, etc.), propiciando un cambio progresivo nos procesos produtivos e nos hábitos de consumo, así como nos modelos de xestión, promocionando un uso máis eficaz dos recursos.
- b) Fomento da recollida selectiva en orixe de todas as fraccións, promovendo o mercado da reciclaxe a través do aumento da dispoñibilidade de información, así como da súa promoción na contratación pública.
- c) Ampliación das infraestruturas ambientais de tratamento de residuos da nosa Comunidade.
- d) Fomento da formación e concienciación, co fin de implicar á cidadanía e ás distintas

organizacións nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implicación e os coñecementos da poboación e dos xestores.

- e) Potenciar os medios que garantan a calidade e transparencia da información nesta materia, a través da creación dun sistema compartido e homoxéneo de información estatística, que estea a disposición da poboación e que sexa facilmente comprensible.
 - f) O impulso do correcto funcionamento dos puntos limpos, para axudar a garantir mellores índices de recollida, e o óptimo aproveitamento dos materiais presentes nos RSU.
2. Control ambiental:
- a) Mellora da avaliación ambiental, para o cal se prevén as seguintes actuacións:
 - Establecemento dos procedementos que garantan que as declaracións de impacto e efectos ambientais, así como as autorizacións ambientais integradas, se resolvan no menor tempo posible e dentro do rigor absoluto ao disposto na normativa ambiental.
 - Posta en marcha de actuacións de minimización de impactos.
 - Medidas de apoio ás empresas, que lles permitan garantir a vertiente ambiental na súa toma de decisións.
 - a) Fomento da introdución nas empresas de novas tecnoloxías dirixidas á prevención e redución da contaminación ambiental, en particular a redución dos residuos e emisións de gases efecto invernadoiro, así como á implantación de sistemas de xestión e control ambiental.
